

# DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Segundo o indicado na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11-02-22) e tendo en conta a:

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.(DOG 11-03-2021)
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

elabórase esta addenda á Programación Didáctica para o presente curso 2021-2022

## 4º ESO

---

MATERIA: “INICIACIÓN Á ACTIVIDAD EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL”

PROFESORA: BEGOÑA NIETO CAMPOS

### 1.- Criterios de avaliación

Continúan vixentes os reflitados na programación para cada un dos bloques.

1ª Avaliación: Bloque 1 (4 unidades didácticas)

2ª Avaliación: Bloque 2 (4 unidades didácticas)

3ª Avaliación: Bloque 3 (4 unidades didácticas)

A asignación dos bloques poderá ser modificada en función da evolución do curso e das características do grupo o cal será reflitado no seguimento da programación que mensualmente fará o departamento e que lle será comunicado ao alumnado.

Para proceder á determinación da cualificación correspondente ás avaliacións trimestrais, empregaranse como instrumentos de avaliación:

- **Probas escritas.** Realizaranse unha ou máis por avaliación, e poderán constar de preguntas teóricas e exercicios prácticos. No desenvolvemento das probas valoraranse os seguintes aspectos:

- A coherencia ordenada e razoada na exposición da resposta.
- A claridade da exposición.
- A utilización dunha adecuada terminoloxía.
- A facilidade e a precisión na realización do cálculo.

Terase en conta nas mesmas as faltas ortográficas, de puntuación e de acentuación, cunha penalización que dependerá do erro cometido, podendo chegar a restar ata 0.2 puntos por falta grave e 0.1 por signos de puntuación e acentos.

- **Traballos** realizados en clase e/ou en casa ao longo de todas as unidades que poderán ser corrixidos e cualificados polo docente.
- **Valoración** do docente da actitude e participación, con datos recollidos na clase. Téñense en conta a colaboración no traballo da aula, interese e participación nas explicacións.
- Penalizarase as interrupcións e o mal comportamento na aula.

## 2.- Criterios de cualificación

### 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións parciais:

Ponderación e cálculo da nota:

- 70% probas escritas (unha ou dúas ao trimestre), será necesario obter un mínimo de 4 puntos para aprobar, aínda que teñan puntos de exercicios ou de actitude. A proba escrita poderá incluír preguntas cortas, preguntas de tipo test, preguntas de definir e razoar e/ou exercicios prácticos. O profesor resérvase o dereito de ponderar os contidos da proba escrita en función do peso das unidades incluídas na mesma. En calquera caso os alumnos e alumnas serán informados con precisión e antelación da ponderación de cada unidade e dos contidos exactos que forman parte da proba.
- 30% tarefas, traballo na casa/aula e actitude. Diversos exercicios propostos polo profesor.

Para que unha avaliación se considere superada, a media dos tres criterios de avaliación debe ser superior a 5. Na avaliación parcial trimestral farase constar unha nota de entre 1 a 10

puntos, sendo o resultado de aplicar a media ponderada das cualificacións totais obtidas nos distintos bloques obxecto de avaliación.

### **RECUPERACIÓN:**

A primeira e a segunda avaliación terán dúas oportunidades de recuperación: una durante o curso e outra no mes de xuño cando se realicen os exames finais (período que abrangue do 6 ao 22 de xuño).

A terceira avaliación, pola contra, terá unha soa oportunidade de recuperación nos citados exames finais

Ao comezo da seguinte avaliación farase unha **recuperación da parte suspensa** que poderá ser, segundo a parte non superada sexa:

- As probas escritas: nese caso a recuperación será unha proba escrita similar en contido e estrutura á proba escrita suspensa, na que deberá obterse unha puntuación mínima de 5. Se a proba non é superada considerase que a avaliación completa queda pendente para a avaliación ordinaria de xuño, independentemente de que o alumno ou alumna tivera aprobada algunha proba escrita parcial dentro da avaliación.
- Os traballos e exercicios: neste caso a recuperación consistirá na realización de un ou máis traballos adicionais relacionados cos contidos dos traballos non superados.

A nota final da materia resultará da media aritmética das tres avaliacións, para acadar unha cualificación positiva, deberá ter superadas as tres avaliacións.

### **3ª Avaliación Parcial (6 xuño 2022):**

Logo de realizada a 3ª avaliación parcial consignarase a nota obtida no 3º trimestre e **adicionalmente nesa avaliación o profesor/a determinará se o alumno/a ten superada a totalidade da materia.**

Unha vez realizadas as probas da 3ª avaliación poden presentarse as situacións seguintes:

- a) O/A alumno/a ten todas as avaliacións aprobadas: considerase aprobada a materia. A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións.
- b) O/A alumno/a ten unha única avaliación suspensa:
  - b.1-Se a cualificación da recuperación realizada é maior ou igual que 5 considerase a avaliación aprobada e, polo tanto, tamén a materia.
  - b.2-Se a cualificación da recuperación realizada é menor que 5 deberá recuperar a materia da avaliación mediante una proba similar ás do curso.

-c) O alumno/a ten máis dunha avaliación suspensa: debe recuperar toda a materia mediante unha proba similar ás realizadas no curso e que abarcará toda a materia impartida.

Aquel alumnado que non teña superada a materia realizará **actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o periodo que abrangue do 6 ao 22 de xuño** adecuadas para superar as partes onde teña avaliación negativa e que estarán reflitidas no informe individualizado que elaborará o profesor/a ao remate da 3ª avaliación e do que se lle informará ao alumnado.

Estas actividades de recuperación nese periodo indicado substitúen á “**Avaliación final extraordinaria**” indicada na programación didáctica publicada e **que desaparece**.

Os criterios de avaliación e cualificación serán:

- As actividades realizadas con interese e preocupación por mellorar e corrixirse terán un peso dun 30% na avaliación final.
- O exame final, que se centrará nos contidos mínimos establecidos na programación e que se consideran fundamentais, terá un peso dun 70%. Consistente nunha proba escrita similar as realizadas no curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 4 para que faga media cos outros instrumentos de avaliación.

Segundo as porcentaxes descritas, o alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco terá superada/s a/as avaliación/s correspondente/s.

#### **Actividades de ampliación, reforzo, profundización e titorización (6-22 xuño 2022):**

O alumnado que supere a materia logo da 3ª avaliación parcial, seguirá acudindo ao centro obrigatoriamente para realizar actividades de reforzo, profundización e titorización consistentes en:

- Apoio ao alumnado con partes suspensas segundo instrucións que serán facilitadas polo profesor/a.
- Reforzo de contidos fundamentais con exercicios prácticos.
- Análise da situación económica actual mediante visualización e/ou lectura de información económica actual que teña relación cos contidos desenvolvidos durante o curso.

Estas tarefas serán avaliadas polo/a profesor/a cunha lista de cotexo e/ou táboa de observación e significarán, de ser o caso, o incremento de ata 1 punto na nota final da materia que será consignada na nota da Avaliación final ordinaria do 23 de Xuño.

### **Avaliación final ordinaria (23 Xuño)**

- O alumnado que xa superara a materia na 3ª avaliación parcial terá una cualificación final do curso que será a media aritmética simple das cualificacións acadadas en cada avaliación.

A maiores poderá ter unha nota final maior en función das actividades de reforzo e ampliación realizadas (incremento de ata 1 punto).

- Para o alumnado cunha soa avaliación suspensa que realizou actividades de reforzo e recuperación será a media das notas das tres avaliacións, obtidas trala realización e cualificación das probas descritas anteriormente para o período que abrangue do 6 ao 22 de xuño.
- Para o alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas será a nota obtida trala realización e cualificación das probas descritas anteriormente para o período que abrangue do 6 ao 22 de xuño.

## **4º ESO**

---

MATERIA: “ECONOMÍA”

PROFESORA: BEGOÑA NIETO CAMPOS

### **1.- Criterios de avaliación**

Continúan vixentes os reñtidos na programación para cada un dos bloques.

Corresponden á 1ª avaliación os Bloques 1-2

Corresponden á 2ª avaliación os Bloques 3-4

Corresponden á 3ª avaliación os Bloques 5-6

A asignación dos bloques poderá ser modificada en función da evolución do curso e das características do grupo o cal será reñtido no seguimento da programación que mensualmente fará o departamento e que lle será comunicado ao alumnado.

Para a avaliación de cada bloque empregaranse como instrumentos de avaliación:

- **Proba escrita:** Con preguntas de carácter teórico-práctico (consistentes en respostas curtas, preguntas a desenvolver e/ou preguntas tipo test) e problemas de aplicación. Realizaranse dúas probas cada avaliación.
- **Actividades:** Lista de cotexo e táboa de observación para avaliar os problemas de aplicación propostos para traballo na aula e/ou no domicilio, os traballos propostos incluída a exposición destes, así como a participación e esforzo mostrado no desenvolvemento da materia.

## 2.- Criterios de cualificación

### 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións parciais:

Calcularase a cualificación media das probas escritas (Cualificación media probas). Cada proba escrita valorase de 0 a 10 puntos e, para que faga media cos outros instrumentos de cualificación, é necesaria una cualificación mínima de 4.

Ademáis valorarase a participación e a realización das actividades propostas na aula (Cualificación actividades).

A cualificación de cada avaliación obterase mediante o cálculo dunha media aritmética ponderada dacordo ás seguintes porcentaxes:

#### Ponderación

- Cualificación media probas 80%
- Cualificación actividades 20%

O alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco terá superada a avaliación correspondente.

### **RECUPERACIÓN:**

A recuperación de cada avaliación realizarase mediante unha proba escrita similar ás anteriores.

A primeira e a segunda avaliación terán dúas oportunidades de recuperación: una durante o curso e outra no mes de xuño cando se realicen os exames finais (período que abrangue do 6 ao 22 de xuño).

A terceira avaliación, pola contra, terá unha soa oportunidade de recuperación nos citados exames finais.

### **3ª Avaliación Parcial (6 xuño 2022):**

Logo de realizada a 3ª avaliación parcial consignarase a nota obtida no 3º trimestre e **adicionalmente nesa avaliación o profesor/a determinará se o alumno/a ten superada a totalidade da materia.**

Unha vez realizadas as probas da 3ª avaliación poden presentarse as situacións seguintes:

- a) O/A alumno/a ten todas as avaliacións aprobadas: considerase aprobada a materia. A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións.
- b) O/A alumno/a ten unha única avaliación suspensa:
  - b.1-Se a cualificación da recuperación realizada é maior ou igual que 5 considerase a avaliación aprobada e, polo tanto, tamén a materia.
  - b.2-Se a cualificación da recuperación realizada é menor que 5 deberá recuperar a materia da avaliación mediante una proba similar ás do curso.
- c) O alumno/a ten máis dunha avaliación suspensa: debe recuperar toda a materia mediante unha proba similar ás realizadas no curso e que abarcará toda a materia impartida.

Aquel alumnado que non teña superada a materia realizará **actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o periodo que abrangue do 6 ao 22 de xuño** adecuadas para superar as partes onde teña avaliación negativa e que estarán reflitidas no informe individualizado que elaborará o profesor/a ao remate da 3ª avaliación e do que se lle informará ao alumnado.

Estas actividades de recuperación nese periodo indicado substitúen á “**Avaliación final extraordinaria**” indicada na programación didáctica publicada e **que desaparece.**

Os criterios de avaliación e cualificación serán:

- As actividades realizadas con interese e preocupación por mellorar e corrixirse terán un peso dun 30% na avaliación final.
- O exame final, que se centrará nos contidos mínimos establecidos na programación e que se consideran fundamentais, terá un peso dun 70%. Consistirá nunha proba escrita similar as realizadas no curso. Será necesaria unha cualificación igual ou superior a 4 para que faga media cos outros instrumentos de avaliación.

Segundo as porcentaxes descritas, o alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco terá superada/s a/as avaliación/s correspondente/s.

### **Actividades de ampliación, reforzo, profundización e titorización (6-22 xuño 2022):**

O alumnado que supere a materia logo da 3ª avaliación parcial, seguirá acudindo ao centro obrigatoriamente para realizar actividades de reforzo, profundización e titorización consistentes en:

- Apoio ao alumnado con partes suspensas segundo instrucións que serán facilitadas polo profesor/a.
- Reforzo de contidos fundamentais con exercicios prácticos.
- Análise da situación económica actual mediante visualización e/ou lectura de información económica actual que teña relación cos contidos desenvolvidos durante o curso.

Estas tarefas serán avaliadas polo/a profesor/a cunha lista de cotexo e/ou táboa de observación e significarán, de ser o caso, o incremento de ata 1 punto na nota final da materia que será consignada na nota da avaliación final ordinaria do 23 de Xuño.

### **Avaliación final ordinaria (23 Xuño)**

- O alumnado que xa superara a materia na 3ª avaliación parcial terá una cualificación final do curso que será a media aritmética simple das cualificacións acadadas en cada avaliación. A maiores poderá ter unha nota final maior en función das actividades de reforzo e ampliación realizadas (incremento de ata 1 punto).
- Para o alumnado cunha soa avaliación suspensa que realizou actividades de reforzo e recuperación será a media das notas das tres avaliacións, obtidas trala realización e cualificación das probas descritas anteriormente para o período que abrangue do 6 ao 22 de xuño.
- Para o alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas será a nota obtida trala realización e cualificación das probas descritas anteriormente para o período que abrangue do 6 ao 22 de xuño.



# 1º BACHARELATO

---

MATERIA: “ECONOMÍA”

PROFESOR: BEGOÑA NIETO CAMPOS

## 1.- Criterios de avaliación

Continúan vixentes os reflectidos na programación para cada un dos bloques.

Corresponden á 1ª avaliación os Bloques 1-2

Corresponden á 2ª avaliación os Bloques 3-4

Corresponden á 3ª avaliación os Bloques 5-6-7

A asignación dos bloques poderá ser modificada en función da evolución do curso e das características do grupo o cal será reflectido no seguimento da programación que mensualmente fará o departamento e que lle será comunicado ao alumnado.

Para a avaliación de cada boque empregaranse como instrumentos de avaliación:

- **Proba escrita:** Con preguntas de carácter teórico (respostas curtas, preguntas a desenvolver e/ou preguntas tipo test) e problemas de aplicación. Realizaranse dúas probas por cada avaliación.
- **Actividades :** Lista de cotexo e táboa de observación para avaliar os problemas de aplicación propostos, para traballo na aula e/ou no domicilio e/ou os traballos propostos incluída a exposición destes.

## 2.- Criterios de cualificación

### 1ª, 2ª e 3ª Avaliacións parciais:

Calcularase a cualificación media das probas escritas (Cualificación media probas). Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. Cada proba valórase de 0 a 10 puntos. A cualificación das probas escritas é a media das dúas probas. Para ter opción ao cálculo da media e, polo tanto, a aprobar a avaliación é necesario obter como mínimo 4 puntos en cada unha das probas escritas, de non ser así, deberán facer a recuperación da materia.

Ademáis valorarase a realización das actividades propostas na aula (Cualificación actividades).

A cualificación de cada avaliación obterase mediante o cálculo dunha media aritmética ponderada dacordo ás seguintes porcentaxes:

### Ponderación

- Cualificación media probas 90%
- Cualificación actividades 10%

O alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco terá superada a avaliación correspondente.

### **RECUPERACIÓN:**

A recuperación de cada avaliación realizarase mediante unha proba escrita similar ás anteriores.

A primeira e a segunda avaliación terán dúas oportunidades de recuperación: unha durante o curso e outra no mes de xuño cando se realicen os exames finais (período que abrangue do 6 ao 22 de xuño).

A terceira avaliación, pola contra, terá unha soa oportunidade de recuperación nos citados exames finais

### **Avaliación final ordinaria (6 de xuño de 2022):**

Logo de realizada a 3ª avaliación parcial (que se realizará conxuntamente coa avaliación final ordinaria) consignarase a nota obtida e **adicionalmente nesa avaliación o profesor/a determinará se o alumno/a ten superada a totalidade da materia.**

Unha vez realizadas as probas da 3ª avaliación poden presentarse as situacións seguintes:

- a) O/A alumno/a ten todas as avaliacións aprobadas: considerase aprobada a materia. A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións.
- b) O/A alumno/a ten unha única avaliación suspensa:
  - b.1-Se a cualificación da recuperación realizada é maior ou igual que 5 considerase a avaliación aprobada e, polo tanto, tamén a materia.
  - b.2-Se a cualificación da recuperación realizada é menor que 5 deberá recuperar a materia da avaliación mediante una proba similar ás do curso.
- c) O alumno/a ten máis dunha avaliación suspensa: debe recuperar toda a materia mediante unha proba similar ás realizadas no curso e que abarcará toda a materia impartida.

Aquel alumnado que non teña superada a materia realizará **actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o periodo do 6 ao 22 de xuño** adecuadas para superar a/as partes onde teña avaliación negativa.

Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que os indicados para as tres avaliacións parciais salvo que polas características das actividades de recuperación propostas se designen outras que serán comunicadas ao alumno/a previamente.

### **Actividades de ampliación, reforzo, profundización e titorización (6-22 xuño 2022):**

O alumnado que supere a materia logo da 3ª avaliación final, seguirá acudindo ao centro obrigatoriamente para realizar actividades de reforzo, profundización e titorización consistentes en:

- Apoiar ao alumnado con partes suspensas segundo instrucións que serán facilitadas polo profesor/a.
- Realizará un traballo de investigación en grupo aglutinador das capacidades adquiridas, ou actividades de reforzo ou ampliación de contidos.

### **Avaliación final extraordinaria (23 Xuño)**

- O alumnado que xa superara a materia na 3ª avaliación parcial terá una cualificación final do curso que será a media aritmética simple das cualificacións acadadas en cada avaliación.
- Para o alumnado que realizou actividades de reforzo e recuperación, a cualificación final do curso será a media aritmética simple das cualificacións acadadas en cada avaliación trala cualificación das actividades de reforzo e recuperación realizadas no período do 6 ao 22 de xuño. Será necesario obter un mínimo de 5 puntos nesa media para superar a materia.